



Mural de Leandro Lamas
Facultade de Economía e Empresa

SUMARIO

Editorial PÁX 2

Valentín Paz Andrade PÁX 3

Valentín Paz Andrade
na biblioteca da FEE PÁX 3

Galicia Suma: A xestión da
diversidade no ámbito empresarial
PÁX 4

As máquinas ao servizo da
creación musical PÁX 4

Que entendemos por asociación?
PÁX 5

Zeitgeist ... Ata cando? PÁX 6

Galebook S.L PÁX 6

San Roberto e a recta observancia
da inflación PÁX 7

Atención á diversidade e
integración na universidade PÁX 8

Preguntas frecuentes
na administración da FEE PÁX 8

Editorial

Espazo FEE é o nome que, de maneira participativa, a comunidade universitaria do noso centro vén de darlle á publicación cuxo primeiro número tes agora entre as mans. A revista da nosa facultade nace como iniciativa da Xunta da Facultade de Economía e Empresa co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da UDC. Nun contorno onde a edición de medios escritos está a sufrir unha profunda crise, a nosa revista nace para a abrir unha fiestra de participación do estudantado, profesorado e persoal de administración e servizos a través da palabra escrita en lingua galega. Neste humilde medio de periodicidade cuatrimestral, todo o mundo poderá pór en común ideas, experiencias, propostas, proxectos e informacións dentro da Facultade de Economía e Empresa.

Será este un espazo de intercambio que queremos que nos faga medrar como persoas libres, abertas, críticas, comprometidas e que respectan os demais.

Debe ser Espazo FEE unha revista académica porque nace no seo da Academia. Porén, os seus contidos non teñen que ser estritamente docentes ou investigadores. É máis, mesmo confiamos en que as iniciativas innovadoras atopen nesta publicación un espazo aberto para a súa comunicación e difusión. Gustaríanos que a opinión de todos e todas sobre calquera asunto da nosa vida cotiá (gustos, afeccións literarias, musicais, artísticas, viaxes etc.) ou do noso contorno (problemas, solucións, puntos de vista etc.), expresada de maneira respectuosa e sintética, fose a materia prima desta nova publicación. Talvez as nosas páxinas descubran novas vocacións narrativas, poéticas, en-


saísticas ou humorísticas. Espazo FEE é a ágora, o espazo aberto onde quen ten vinculación co noso centro vai atoparse –esperamos que algunhas veces con sorpresa– co outro desde unha perspectiva nova e renovadora. Gustaríanos que Espazo FEE servise para rachar cos clichés que temos dos nosos compañeiros, alumnado, profesorado e/ou persoal de administración e servizos, ao descubriremos a través das súas páxinas gustos, afeccións ou puntos de vistas até ese momento imposibles de imaxinar neles.

Xorde Espazo FEE vinculada á normalización da lingua propia de Galicia e coa intención de dinamizar na facultade o seu uso e a súa presenza.

Nace ao socairo da festa das Letras Galegas de 2012, dedicada nesta ocasión a unha persoa que tamén rachou cos clichés do seu tempo: Valentín Paz Andrade. Don Valentín demostrou que a defensa de Galicia –de toda Galicia– non só é perfectamente compatible co emprendemento de proxectos empresariais de éxito que perduran no longo prazo, senón que medra grazas a este. El é a proba de que podemos vivir nun mundo global, e mesmo ser referentes nel, e asemade continuar profundando na nosa condición de galegos sen renunciarnos á lingua, á cultura e aos dereitos que como pobo nos corresponden. Cultivou o xornalismo, a avogacía, a política e promoveu, unhas veces con éxito e outras sen el, iniciativas de interese para o desenvolvemento de Galicia. El foi a un tempo home de empresa –de acción– e de pensamento –de reflexión–. En consecuencia, nin ficou engaiolado nunha idea tan idílica

como carente de base real de País que conduce ao ensimesmamento, nin se converteu no home de empresa simplista e miope que nos define Laski no seu artigo “Civilizar o mundo dos negocios?”. Sen tentar facer unha haxiografía, podemos afirmar que don Valentín contribuíu a construír Galicia, por tanto o Mundo, coa cabeza e coas mans.

En fin, comeza hoxe Espazo FEE unha andaina para que entre toda a comunidade universitaria do centro poidamos construír tamén desta maneira a nosa facultade. Agardamos que nos futuros números o apoio dos membros da Facultade de Economía e Empresa, ben como lectores/as ben como persoas colaboradoras da publicación, faga desta revista un punto de encontro onde compartimos inquiredanzas, propostas e ideas. Este Espazo FEE ten que se encher co osíxeno que dá o sabermos que existe unha facultade viva e participativa.



Mural de Leandro Lamas
Facultade de Economía e Empresa

Valentín Paz Andrade

Valentín Paz Andrade (Pontevedra 1898-Vigo 1987) foi xurista, economista, político, empresario, xornalista e escritor galego. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e foi nesta época universitaria cando entrou en contacto, da man de Castelao, co movemento galeguista.

Como xurista durante a Guerra Civil defendeu e axudou a fuxir a moitos galeguistas. Foi desterrado e detido en varias ocasións pola orientación política dos seus escritos. Dirixiu o xornal Galicia e colaborou con cabeceiras como El Pueblo Gallego ou Faro de Vigo. En 1942 comeza a dirixir a revista Industrias Pesqueras e foi un dos impulsores do grupo Pescanova, do cal foi vicepresidente, e quen a converteu na primeira compañía armadora europea de buques conxeladores.

Foi técnico da FAO e como tal publicou en 1954 *Principios de economía pesquera*. Outros dos seus ensaios son *Sistema económico de la pesca en Galicia* e *Galicia como tarea* (1959), este último, en palabras de Méndez Ferrín, "o gran manifesto político e económico do



nacionalismo galego progresista". Participou en dous proxectos, finalmente frustrados, consistentes na creación dunha refinaría petrolífera en Vigo e do Banco Industrial de Galicia (anos 1950-60).

Empregou a lingua galega na súa poética e narrativa, e desde 1975 tamén nos seus ensaios. En 1982 publica *Castelao na luz e na sombra*, a biografía sobre "o seu irmán maior" que comezara anos atrás. Foi membro da Real Academia

Galega desde 1978 e recibiu, entre outras distincións, o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao e o Premio Traslaba da Fundación Otero Pedrayo.

*Servizo de Normalización Lingüística
Universidade da Coruña*

Valentín Paz Andrade



na Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa

Este ano, na Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa da UDC, prestamos unha especial atención ao Día das letras galegas e con este fin fixemos un centro de interese que reúne as obras, biografías, fotos e estudos sobre Valentín Paz Andrade. Contamos cun exemplar da edición orixinal de "Galicia como tarea" a súa obra mais emblemática. O libro, considerado o primeiro estudo sobre o desenvolvemento económico de Galicia, foi publicado por Edicións Galicia do Centro Galego de Bos Aires en 1959. A cuberta e o deseño son de Luís Seoane. Facémonos eco das palabras da súa biógrafa, Charo Portela, para referirse a esta obra:

"...obra fundamental na traxectoria de Paz Andrade, cun título axeitado como lema da súa vida. Referente ineludible do seu pensamento, manifesta unha idea de país con historia, pero sobre todo con inxentes posibilidades de futuro".

Galicia Suma:

A xestión da diversidade no ámbito empresarial

A sociedade é diversa e as empresas deberían ser reflexo desta sociedade. Por iso é de grande importancia que a empresa saiba afrontar esta situación; se non son diversas, nun futuro próximo seguramente o serán. Á organización interésalle xestionar de forma adecuada esta diversidade e aproveitar todo o talento e potencial do seu persoal; non se debe tratar dunha mera coexistencia de persoas. Cruz Vermella Española en Galicia, a través do seu plan de emprego, desenvolveu no ano 2011 un proxecto denominado "Galicia Suma", que conta co financiamento do Fondo Social Europeo (a través do programa operativo "Loita contra a discriminación"). Neste proxecto lévanse a cabo diferentes accións para poder apoiar as empresas

ante esta nova forma de xestionar os seus recursos humanos. Tales accións abranguen o desenvolvemento de investigación e sensibilización, así como a participación en diversos foros en que responsables de empresas poidan reflexionar sobre as persoas que compoñen os seus equipos de traballo.

En principio a idea que se podería ter dunha ONG non se asociaría a unha organización que está a traballar en colaboración con empresas para apoialas na xestión da diversidade dos seus actuais ou futuros cadros de persoal, mais o certo é que ás empresas lles interesa aproveitar o coñecemento, a experiencia e capacidade deste tipo de organizacións para se reforzaren. Non se trata só de traballar coa sociedade, senón de

colaborar a terna sociedade, empresa e ONG, e con iso poder traballar ante as novas necesidades que xorden ao longo do tempo. Neste caso, Cruz Vermella actúa ofrecendo diversos servizos mediante a colaboración de voluntarios-profesionais e empresas que realizan diferentes accións.

María Dolores Sánchez Fernández
Docente do Departamento de Análise Económica e ADE
Sandra López Salmonte
Técnica de emprego de Cruz Vermella Española- Galicia

As máquinas ao servizo da creación musical

Que ocorrería, en termos de evolución social, se todo o mundo tivese entre as súas mans a posibilidade de se achegar libremente á composición musical? A creatividade intrínseca ao ser humano non ten por que verse entorpecida coas barreiras interpostas por unha linguaxe que non domina. Por iso, unha de tantas "revolucións" que acompañaron a evolución recente da nosa sociedade veu da man de máquinas que permitiron democratizar a creación musical –os sintetizadores– e dunha forma de producir e interpretar que coñecemos como música electrónica. É a historia dunha tecnoloxía, deseñada orixinalmente por pioneiros, que axudou a configurar a música moderna.

Os primeiros experimentos dirixidos a xerar sons con instrumentos non convencionais datan de finais do século XIX comezos do XX (Telharmonium, There-

min, Ondes Martenot...), que atoparon un caldo de cultivo idóneo nos movementos culturais europeos do período de entreguerras (modernismo e futurismo). A mediados dos anos cincuenta inventáronse os primeiros sintetizadores, aínda que na década seguinte tivo lugar unha innovación fundamental, o sintetizador Moog (Robert Moog, 1964), o primeiro sintetizador analóxico dirixido por un sistema modular integrado de control de voltaxe. Nos setenta e oitenta este tipo de dispositivos popularizáronse, debido á fabricación de aparellos de baixo custo (minimoog). Os MIDI (Musical Instrument Dixital Interface), os samplers, os sintetizadores dixitais, e xa nos noventa, a produción de sons coa intervención de computadores, permitiron un extraordinario avance da música electrónica e converteron en pezas de museo aque-

A creatividade intrínseca ao ser humano non ten por que verse entorpecida coas barreiras interpostas por unha linguaxe que non domina.

les primeiros instrumentos analóxicos. Non sabemos con certeza o que deparará o futuro. A manipulación integral de sons e imaxes dixitais, e os avances en formas alternativas de percepción sensorial abren novos camiños, mais, lembremos, a historia comezou con aqueles vellos enxeños...

Jesús Mirás
Docente do Departamento de Economía Aplicada I

Que entendemos por asociación?

Este termo defínese como 'conxunto de persoas unidas cunhas ideas en común'.

A Asociación de Estudiantes de Ciencias Económicas da Coruña, coñecida pola sigla AECEC, é unha asociación Júnior Empresaria, sen ánimo de lucro, formada por estudantes dedicados a construír unha sólida ponte entre a universidade e a empresa, fomentando as capacidades posuídas e como complemento aos estudos e a evolución cara á inserción no futuro laboral. En termos máis coloquiais, a súa función no panorama económico universitario vén sendo a de colaborar con empresas mediante convenios, onde se leva a cabo o desenvolvemento de márketing e publicidade, formación de cursos complementarios ao grao universitario, prácticas en empresas, análises de contabilidade de diferentes empresas, patrocinios... En definitiva, o incremento da experiencia laboral do alumnado universitario co fin de obter beneficios recíprocos entre as empresas e AECEC.

Ademais de denominarse "asociación" tamén forma parte da Confederación Española de Júnior Empresas (CEJE). Esta etiqueta concédeselles ás asociacións universitarias españolas tras pasar por uns requisitos previos. No caso da AECEC isto ocorreu, após a súa evolución e éxito como asociación en si, o pasado mes de novembro cando no XXVII Congreso Nacional de Júnior Empresas de Bilbao se presentou como "júnior empresa aspirante" (etiqueta que se lle dá ás júnior empresas que están en fase de superación dos requisitos impostos pola CEJE). Tras ese congreso, a AECEC estivo inmersa e colaborou en numerosos proxectos e empresas, o que facilitou a súa conversión nunha júnior empresa, circunstancia que se conseguiu finalmente o pasado 14 de abril no IX Congreso Interanual de Júnior Empresas, en Sevilla.

A participación no 5.º Encontro Mostra Asociativo Xuvenil (EMAX), en Vilagarcía de Arousa, o pasado mes de outubro, a asistencia ao XXV Aniversario de JEMSA (Santiago de Compostela), o



Membros de AECEC no Congreso Interanual de Júnior Empresas en Sevilla e visitando a cidade



pasado 12 de marzo ou o encontro de liderado e estratexia (Portugal), foron algúns dos proxectos en que se colaborou antes de converterse en Júnior Empresarios.

Hoxe en día, xa como Júnior Empresa, AECEC céntrase en proxectos tales como a Xornada Uni-Rally nas inmediacións da Facultade de Economía e Empresa da Coruña que, grazas a numerosos patrocinios e colaboracións con empresas, fará posible a organización do evento e gozar dunha Xornada en que pilotos do mundo do rally contarán as súas experiencias, ao tempo que será posible gozar dun parque pechado onde estarán expostos os vehículos de competición. Outro dos proxectos que se levarán a cabo son os cursos complementarios coa Escola de Finanzas, dirixidos fundamentalmente a estudantes universitarios, para fomentar a súa capacidade de emprendemento e liderado, e impartidos por grandes profesionais do mundo económico.

Para finalizar, dadas as facilidades que tanto as universidades como o Estado coas súas subvencións, como a sociedade de hoxe en día achegan ós estudantes, esta é unha oportunidade moi atinada para comezar a formar parte dunha asociación como a AECEC, que ademais de axudar o estudantado a crecer como persoas tamén o fai como profesionais.

Se queres formar parte dela podes visitar a páxina web www.aecec.es ou directamente enviar un correo a aececcuniorempresa@gmail.com tamén nos podes seguir no Twitter (@AECECJunior) ou engadirnos no Facebook ("Aecec Junior Empresa").

AECEC



Zeitgeist... Ata cando?

“A terquedade dos europeos para ver nesta crise algo que non é, e responder con accións que van profundar aínda máis a crise, é digno de ver”.

Estas palabras de Paul Krugman no NYTimes do pasado decembro son subscritas desde hai ben tempo por moitos economistas. Zeitgeist simboliza o “espírito do tempo” que nos toca vivir e que, sen dúbida, en España e na UE está marcado polo dogma da austeridade expansiva imposto polas autoridades da Unión Europea (coa Alemaña de Merkel á cabeza); dogma que conta cada día con menos apoios pola evidencia empírica dos resultados conseguidos en dous anos.

Un dogma que establece como innegociable que o Banco Central Europeo financie bancos mais non estados, e que a crise económica motivada polo excesivo aparcamento do sector privado e que conduciu a un problema de demanda agregada que dura anos debe ser resolto vía contracción do sector público. Unha redución adicional da demanda agregada que –argumentan os austeros expansivos– será eventualmente positiva porque incrementará a “confianza” dos mercados e dos axentes económicos e provocará que a actividade

de económica se recupere. Xa vemos, xa!

Para explicarmos por que un cambio é necesario, cómpre deitar un pouco de luz sobre a realidade das finanzas públicas españolas: o Estado español non ten un problema de gasto público, senón de recadación fiscal. O gasto público en España é inferior en case 6 puntos con respecto á zona euro (45,5% do PIB vs. 51%). Aínda que ninguén nega a necesidade de xestionar os recursos públicos con eficiencia e as bondades da austeridade pública (tanto en crise como en bonanza), o que si negamos é que o problema español sexa un problema de gasto público excesivo. Máis ben, os problemas son outros: o Estado español recada o 35% do PIB, mentres que a media da zona euro é un 45%. De recadarmos o mesmo que Europa non teríamos déficit! Máis aínda, coa recesión de 2008 a recadación en España cae do 41% ao 35% do PIB. Unha recesión de –3% do PIB que causa unha caída do 15% (en termos relativos) dos ingresos públicos non suxire outra cousa máis que un sis-

tema fiscal que vivía da burbulla inmobiliaria.

Por último, unha aclaración: os famosos “mercados” de que teñen medo, de que non pague o Estado ou de que non paguen bancos e empresas? A resposta está na débeda externa: só o 16% da débeda externa é do Estado. En cambio, o 40% dos 1,8 billóns de euros que debemos ao exterior é débeda dos bancos e o 24% de empresas e economías domésticas. España chegou a 2008 con superávit nas súas contas públicas, e aínda en 2011 continúa sendo de entre as principais potencias económicas europeas e mundiais o país con menor débeda pública acumulada. España non ten un problema de gasto público; ten un problema moi serio de fraude fiscal e un sistema impositivo ineficiente. Quizais cando comecemos a tratar os problemas reais da economía española comecemos tamén a saír desta.

David Peón

Docente da Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

GALEBOOK S.L

Nacida no viveiro de empresas da UDC

Galebook é un proxecto empresarial centrado principalmente na edición e promoción do libro electrónico en lingua galega e nos contidos dixitais de tipo educativo, literario ou profesional. Naceu no viveiro de empresas da Universidade da Coruña, colabora en proxectos de lingua e novas tecnoloxías e crea e publica contidos dixitais co selo de Edicións Galebook. Estela, Felipe, María e Pilar forman un equipo de filólogos, especializados no uso das novas tecnoloxías aplicadas á lingua e con experiencia en lingüística computacional

e enxeñaría da lingua, nos campos editorial e educativo, e mais na dixitalización e documentación de textos.

Ante a docencia como principal saída laboral para os licenciados e licenciadas en Filoloxía, estes emprendedores optaron pola súa especialización e o autoemprego. O 12 de xullo de 2010 comezan este proxecto empresarial e presumen de facelo en clave feminina, desde as Humanidades e poñendo as TIC ao servizo da lingua e da cultura. Din que nacen con vocación e responsabilidade para cos valores da nosa

sociedade e que, desde as súas posibilidades, traballan en igualdade de xénero e de oportunidades, conciliando traballo e vida familiar; os seus produtos respectan o medio e normalizan a lingua e a cultura galegas na sociedade da información.

En Galebook deseñan LIBROS ELECTRÓNICOS en lingua galega, CONTIDOS EDUCATIVOS DIXITAIS trilingües e fan impresión baixo demanda. A orixe da innovación tecnolóxica está nos dispositivos lectores de libros electrónicos e na nova tecnoloxía usada por eles: a

tecnoloxía da tinta electrónica (e-ink), que permite a existencia de pantallas dun grosor mínimo e tan flexíbeis como o papel. Os lectores de libros electrónicos (e-readers) están en auxe e multinacionais como Sony, Amazon, eDGe, Barners&Noble ou Apple, sacan ao mercado os seus terminais con grande aceptación entre o público. A experiencia lectora semella moito á do formato impreso. Algúns incorporan tamén unha pantalla LCD e o último lanzamento de Apple, o iPad, tamén ofrece a funcionalidade como lector de libros. Outros dispositivos innovadores en auxe e aos que van dirixidos os produtos de Galebook son os en-

cerados dixitais interactivos (PDI) que se empregan nas aulas, e que permiten achegar as TIC á educación.

Este proxecto está financiado pola achega de capital dos socios e socias e como iniciativa empresarial de base tecnolóxica (IEBT), acaba de recibir unha subvención da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo.

Na súa traxectoria contan con estes logros:

-Desde o ano 2010 estiveron no viveiro de empresas da Universidade da Coruña e agora son empresa asociada á UDC.

-No ano 2010 gañan o X Concurso de proxectos empresariais innovadores

da Universidade de Santiago de Compostela, na categoría de muller emprendedora.

-Acadan a cualificación de IEBT da Xunta de Galicia.

-Elixida polo xurado como a mellor start-up galega 2011 nos PREMIOS INNOVA G promovidos pola Asociación Galega de Empresas de Tecnoloxías de Información e Comunicación (AGES-TIC).

María J. Prol

PAS da Facultade de Economía e Empresa

San Roberto e a recta observancia da inflación

As reformas económicas europeas cistercienses

Buscando no dicionario¹ o termo tan empregado de “austeridade” para definir a estratexia de xestión pública dos euro-gobernos actuais, un atópase con que está relacionado entre outros elementos co de “Císter”. Este fai referencia á “orde relixiosa fundada no século XI por san Roberto coa fin de devolver a austeridade á orde beneditina”. Lekai (1987)² sinala que a táctica empregada polos primeiros monxes cistercienses para se defenderen das acusacións dos seus irmáns do Cluny foi “tomar a Regra de san Bieito como escudo”, afirmando que tentaban “volver así á recta observancia do venerable código escrito” polo santo. A austeridade monacal buscaba retornar á simplicidade no seu estilo de vida relixiosa, mais isto non levaba a privalos do seu traballo manual, de cultivo da terra e cría de animais, nin de vestimenta, nin de comida... senón que os elementos vitais básicos se blindaban para asegurar a continuidade e o futuro da comunidade de cada mosteiro.

daban para asegurar a continuidade e o futuro da comunidade de cada mosteiro.

os elementos vitais básicos se blindaban para asegurar a continuidade e o futuro da comunidade de cada mosteiro

Quizais os gobernos actuais están tratando de defender as medidas introducidas coa mesma estratexia que empregaron os monxes reformistas, poñendo como escudo a súa regra (a contención do déficit e da inflación). É por isto que expresións como “é o que toca”, “é o que precisa o país” ou “é o que se debe facer para gañar credibilidade”... son pronunciadas para convencer a sociedade da súa conveniencia. Ninguén cuestiona a necesidade de realizar unha xestión seria e “con sentidiño” dos

cartos públicos. O que si é cuestionable é o escenario futuro ao que nos levan as reformas de austeridade económica, de non seren complementadas con outras que axuden ao crecemento económico. As medidas deberían axudar o parado que busca desesperadamente traballar, así como o estudantado universitario que se esforza en sacar adiante unha carreira coa esperanza de atopar futuro. As medidas deberían fornecer o sistema solidario público de saúde (non gratuito) máis eficiente de Europa, así como penalizar os que escapan do control fiscal... No estado de depresión (económica e social) en que estamos, ou os gobernos blindan os elementos básicos do sistema de benestar social conseguido nas últimas décadas, ao estilo da reforma de san Roberto, ou de seguro que este modo de entender a austeridade na xestión pública nos levará a ter que pechar o mosteiro.

Fernando de Llano Paz

Docente da Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

¹ www.wordreference.com

² Lekai, L. J. (1987): Los Cistercienses Ideales y realidad Abadía de Poblet. Tarragona

Atención á diversidade e integración na universidade

Neste texto vou comentar algunhas das ideas que tirei tanto da exposición como dos grupos de traballo do curso do CUFIE que tivo lugar nesta universidade no presente curso académico titulado "Atención á diversidade e inclusión educativa nas aulas universitarias".

Recoñecer a diversidade do alumnado debe ser o primeiro paso para afrontar esta realidade e darlle unha resposta, para o cal deben considerarse distintas actuacións desde as institucións públicas competentes. Este tema foi analizado e tratado moito antes noutro tipo de ensinanzas, refírome á enseñanza infantil, primaria, secundaria, e o certo é que nestes centros, segundo o caso, dispoñen de persoal especializado (de apoio) para os nenos e as nenas con necesidades específicas.

No ámbito universitario a atención á diversidade formulouse moito máis tarde. Neste sentido, só desde hai unha década aproximadamente se produciu un aumento no número de alumnado con discapacidade matriculado nas universidades españolas. Esta presenza crecente xerou interese por estudar a súa situación, en especial no que se refire ás dificultades que pode ter no acceso e no desenvolvemento da súa aprendizaxe, nunha institución que ata o momento non tiña previsto mecanismos de accesibilidade aos estudos

como si existen noutros niveis educativos.

As iniciativas que poden contribuír a mellorar a resposta á diversidade na institución universitaria concréntanse en tres planos diferentes: a universidade como institución, cada facultade e en cada materia (titorías, metodoloxía, contidos, obxectivos e avaliación).

Así pois, cómpre unha sensibilización e concienciación entre o profesorado para a atención á diversidade. É, por tanto, tarefa de todos e todas realizarmos un esforzo de comunicación co fin de evitar o illamento de persoas diferentes.

As accións que se poden levar a cabo para mellorar as condicións deste alumnado pódense concretar, entre outras, nas seguintes:

- Adaptación dos edificios.
- Programas de voluntariado entre compañeiros e compañeiras de persoas con discapacidade.
- Existencia dun equipo multidisciplinar na universidade.
- Existencia dunha unidade de formación para o persoal (PAS e PDI).
- Axuda para preparar material.
- Premios para traballos sobre discapacidade.
- Favorecer cursos de orientación estudiantil.
- Concienciación de todos os sectores (PAS, PDI e alumnado).

- Sensibilizar o PAS como fonte de información.

- Coordinación entre o profesorado implicado.

- Existencia dunha persoa por facultade encargada de asumir o papel de integración (referente).

- Discriminación positiva xustificada para persoas con discapacidade.

- Servizos de apoio.

- Campañas de sensibilización.

Na aula as medidas pasan pola adaptación de tempos, de espazos e dos instrumentos empregados.

Canto aos recursos, haberá que ter en conta as distintas discapacidades, mais estes poden ser: intérprete, tomador de apuntamentos, sistemas de amplificación, mobiliario móbil etc.

A maioría destas actuacións necesitan, para se levaren a cabo, partidas orzamentarias específicas. Como queira que a situación económica actual do noso país non é propicia para iso, coido que, en xeral, hai que recoñecer o labor de moitos profesores e profesoras, PAS e alumnado, que poñen a súa boa vontade para favorecer a inclusión de persoas con algún tipo de discapacidade.

*M.^a Carmen Sánchez Sellero
Docente do Departamento de
Economía Aplicada II*

Preguntas frecuentes na administración da FEE

Aquí recolleremos algunhas das preguntas máis frecuentes que formulades na administración; tede en conta que as respostas son orientativas e están elaboradas segundo a lexislación vixente no momento en que as publicamos; a normativa de xestión académica, que se publica para cada curso académico, así como a elaboración de nova lexislación e instrucións poden introducir cambios.

1.- Que teño que facer para solicitar o meu título universitario oficial ou unha certificación académica persoal? Debes solicitalos na administración da FEE e traer o DNI en vigor.

2.- E se estou fóra da Coruña como os solicito?

Se non podes realizar persoalmente a solicitude, é suficiente con que delegues ou autorices a alguén, sempre por escrito; no teu escrito farás constar para que expides a autorización e todos os datos persoais que acrediten a túa identidade e os da persoa autorizada. Debes achegar unha fotocopia do teu DNI ou pasaporte (no caso dos estranxeiros). A persoa autorizada deberá presentar o seu DNI ou pasaporte orixinal e unha fotocopia deste.

3.- E quen pode recoller a certificación académica persoal? Poderá recollela:

- a persoa interesada co seu DNI.
- outra persoa autorizada segundo a pregunta anterior.

4.- E quen pode retirar o título? Pode recoller o título universitario oficial ou a certificación do pagamento dos dereitos de expedición de títulos universitarios oficiais (título provisional):

- a persoa interesada co seu DNI.
- outra persoa autorizada mediante **un poder notarial**, de conformidade co que está establecido na Instrución da Secretaría Xeral referente á entrega e recollida de títulos universitarios oficiais do 5 de novembro de 2004. Consultádenos en que casos podedes recoller o título oficial (non o provisional) nunha embaxada, delegación de goberno ou Alta Inspección de Educación.